

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE XANEIRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **CATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia do 1º Tte de Alcalde **Dº. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **Dª OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **Dº JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **Dª MARÍA DOLORES GARCÍA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **Dª PAULA FERNÁNDEZ PENA**

O Sr. Tte de Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de Dª MªJesús Rivas Bibián, Rexistro de Entrada nº 9, de data 02 de xaneiro de 2008, solicitando colocación de bandas transversais no lugar de Barro, parroquia de Siador (Silleda), debido ó exceso de velocidade dos vehículos que circulan pola mencionada vía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Proceder a comprobar a limitación de velocidade que figura no proxecto da obra de acondicionamento da estrada PO-201, tramo Silleda-Laro.

2.- Remitir copia desta petición á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, como órgano competente para acceder á solicitude realizada.

2.2.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 8100, de data 28 de decembro de 2007, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2007-101219-00000269, contra Dº José Iglesias Rozados, por abandono do vehículo marca Renault, modelo R-11 TSE, matrícula T1561P no lugar de Costela, parroquia de Margaride (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº José Iglesias Rozados para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo.

2.3.- Escrito do Defensor del Pueblo, Rexistro de Entrada nº 8094, de data 28 de decembro de 2007, en relación a queixa presentada por Dª Sonia Gómez García, sobre o suministro de auga en Margaride.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó Defensor del Pueblo que na actualidade está en execución o contrato das obras do PSA/06 denominado “Abastecemento de auga en Taboada, Margaride e Piñeiro”, remitindo unha copia do mesmo.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Programa CASCARÓN - Servizos “Esperta con Nós” e “Espazo Divertido”.

Visto que en data 26 de novembro de 2.007 a Xunta de Goberno Local acordou dispoñer a apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación do contrato do servizo Programa CASCARÓN - Servizos “Esperta con Nós” e “Espazo Divertido”.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 03 de decembro de 2007, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato de conformidade co artigo 210 apartado a) do RDLex. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas

Visto que remitidas solicitudes de ofertas a Acode, Coesco e Desafío Ocio, unicamente se presentou a da Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza (ACODE), en data 21 de decembro de 2.007.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza (ACODE), con C.I.F. nº G-36527745 e domicilio social na rúa Mª Colmeiro nº 1-4ºB (Silleda), o contrato do programa CASCARÓN - Servizos “Esperta con nós” e “Espazo

Divertido”, con estricta suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por esta Xunta de Goberno Local en data 03 de decembro de 2007

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 22.701,12 €, IVA incluído.

Terceiro.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Quinto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Dase conta da comunicación remitida polo Excmo. Concello de A Estrada, recibida en data 26 de decembro de 2.007, con número de rexistro 8032, na que se expón que se detectou confusión na liña divisoria que separa os termos municipais de A Estrada e Silleda, concretamente, nas parroquias de Curantes e Olives (Feitoso), confusión, que fai necesario o correspondente deslinde para así adaptalo á cartografía actual da que dispón o Instituto Xeográfico Nacional.

En base á confusión contrastada, a Xunta de Goberno Local, de conformidade o disposto no artigo 40 e seguintes de Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, por unanimidade, en calidade de actuacións previas, adoptou os seguintes acordos:

1.- Incoar expediente de delinde administrativo entre o termo municipal de A Estrada e o de Silleda, concretamente, na radicación anteriormente indicada.

2.- Designar a Comisión responsable da instrucción do devandito expediente, de conformidade co disposto no artigo 17 do Rea Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais, que por parte do Concello de Silleda estará integrada polos seguintes membros:

- Dona Paula Fernández Pena, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda.
- Don Manuel Cuiña Fernández, Primeiro Tenente de Alcalde e Concelleiro de Cultura e de Obras
- Dona María Dolores García Troitiño, Concelleira de Servicios Sociais e Igualdade
- D. Gerardo Lázara Moreda, Concelleiro de Medio Ambiente, Medio Rural e Turismo.
- Dona Berta Alonso Soto, Secretaria Xeral do Concello
- Don José Antonio Presas Ferreiro, Aparellador municipal
- Outras dúas persoas (máximo) que, pola súa idade e acreditado xuízo podan

xustificar o sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios e mailos propietarios dos terreos afectados polo deslinde, que se designarán por Resolución de Alcaldía-Presidencia, coa debida antelación.

3.- Notificar o presente acordo ó Concello de A Estrada, ós efectos de fixar a data de común acordo para a realización e verificación das correspondentes actuacións de deslinde, a partires das que, se os Concellos afectados estivesen conformes cos límites existentes na actualidade, non procedería nova fixación; pero, que en caso de existir conflito, se procedería ó levantamento de acta por separado por cada unha das Comisións creadas ó efecto, co obxecto de continuar cos trámites consagrados na normativa citada.

4.2.- Dase conta do recurso de reposición interposto por D. Ulises C. Bértolo García, en nome e representación da entidade mercantil “Nova Carballeira, 2002, S.L.”, recibido en data 26 de decembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 8.029, contra o acordo de iniciación do procedemento de revisión de oficio da aprobación do Estudio de Detalle e o Proxecto de Urbanización da rúa Travesa do Campo, adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2.007.

Visto o disposto na consideración primeira do recurso, na que se sinala a ilegalidade da paralización cautelar das obras executadas ó abeiro do Proxecto de urbanización da Rúa Travesa do Campo efectuada mediante resolución de alcaldía de data 19 de xullo de 2.007.

Visto o sinalado na consideración segunda, que indica que no expediente non concurre causa algunha de nulidade que xustifique a revisión de oficio e que o acordo de iniciación do procedemento de revisión de oficio carece de fundamentación, sin que a empresa afectada tivera coñecemento dos informes en que se apoia o inicio de tal procedemento de revisión.

Visto asimesmo o contido da consideración terceira, na que se expón que a través do Proxecto de urbanización non foron alteradas as condicións de ordenación dos predios colindantes, nin houbo alteración da configuración da zona verde.

Visto que no devandito recurso de reposición se solicita a revocación do acordo de iniciación do procedemento de revisión de oficio da aprobación do Estudio de Detalle e o Proxecto de Urbanización da rúa Travesa do Campo, adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2.007 e o arquivo do procedemento, en base ás consideracións expostas.

Visto que a empresa ten coñecemento da totalidade do expediente tramitado en relación co procedemento de revisión de oficio da aprobación do estudio de detalle da rua travesa do campo e máis da aprobación do proxecto de urbanización desta mesma rúa, en tanto que o mesmo lle foi facilitado pola representación procesal no marco do procedemento Ordinario 340/2007, do Xulgado Contencioso-Administrativo número 3 de Pontevedra.

Visto asimesmo que en data 19 de decembro de 2.007, fíxose entrega a Nova Carballeira 2002 S.L., na secretaría municipal, copia dos informes solicitados pola empresa, que foron os seguintes: Informe emitido polo Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial

da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 8 de novembro de 2.007; informe do servizo técnico urbanístico de data 30 de outubro de 2.007; informe xurídico emitido polo secretario accidental en data 12 de novembro de 2.007; e informe emitido polo colexio oficial de arquitectos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Ulises C. Bértolo García, en nome e representación da entidade mercantil “Nova Carballeira, 2002, S.L.”, recibido en data 26 de decembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 8.029, contra o acordo de iniciación do procedemento de revisión de oficio da aprobación do Estudio de Detalle e o Proxecto de Urbanización da rúa Travesa do Campo, adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2.007, polos seguintes motivos:

A.- En data 21 de decembro de 2.007, foi remitido ó Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co artigo 102.2 da Lei 30/1992, o expediente relativo ó procedemento para a revisión de oficio dos actos nulos de aprobación do estudio de detalle da rúa Travesa do Campo e de aprobación do proxecto de urbanización da mesma rúa, solicitándose a emisión do preceptivo ditame sobre a idoneidade ou non da declaración de nulidade. Corresponde polo tanto ó citado órgano consultivo determinar a procedencia ou non do procedemento de revisión de oficio iniciado por esta Xunta de Goberno Local.

B.- Respecto á inexistencia de causa algunha de nulidade que xustifique a revisión de oficio, queda acreditado no expediente a concurrencia das devanditas causas, dado que, tanto o Estudio de Detalle coma o Proxecto de Urbanización contradicen e vulneran o PXOM do Concello de Silleda sin a previa modificación de éste, e así se dispón claramente no informe do arquitecto asesor técnico municipal, D. José Luis Rodríguez González de data 30 de outubro de 2.007, no informe de data 5 de Novembro de 2006 da Consellería de Política Territorial, obras públicas e vivenda, e no informe xurídico de Secretaría, de data 12 de novembro de 2007. En consecuencia, e de conformidade tanto coa Lei 30/1992 como coa xurisprudencia, que de forma reiterada ten declarado que os Estudos de Detalle e os Proxectos de Urbanización deben relacionarse coherentemente cos Plans dos que traen causa; sendo en caso contrario inoperantes e intrascendentes, esta Xunta de Goberno reitera a súa consideración de que existe unha contradicción insalvable do Estudio de Detalle e do Proxecto de Urbanización respecto do Plan de Ordenación, polo que iso determina a existencia de vicio de nulidade.

2.- Notificar o presente acordo ó recurrente, indicándolle os recursos procedentes en vía contencioso-administrativa.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA